

# FIRE OF LOVE

Sara Dosa, 2022

# 1001

ESTREA EN NUMAX: 26.08.2022 | V.O.S.E. | 93 min

Katia era xeoquímica e Maurice xeólogo. O Etna e o Stromboli, os seus referentes. Xuntos compartiron unha vida apaixonante, un amor volcánico e rebuldeiro vivido ao límite.

A partir de 200 horas de material de arquivo inédito e das notas e escritos persoais de Katia e Maurice, a artista Miranda July cóntanos o fascinante universo destes dous vulcanólogos inclasificables. O excepcional material de arquivo descóbrenos unha épica historia de amor entre dous exploradores que entregaron a súa vida ao estudo pioneiro dos volcáns.

«Fermoso collage no que romance, investigación científica e morte despregan un baile de 93 minutos»

Daniel Fienberg, THE HOLLYWOOD REPORTER



## Un amor volcánico

Por Irene Crespo

### Atracción polo descoñecido

En *Fire of Love*, Dosa intenta reconstruír a historia de amor a tres de Katia e Maurice Krafft e os volcáns. Propón tres comezos. O máis plausible: unha cita a cegas, na que se descubriron como dous tolos dos volcáns desde ben pequenos. Non volveron separarse. Katia era xeoquímica e Maurice, xeólogo. O Etna e o Stromboli eran as súas iconas. E a súa lúa de mel pasárona en Santorini, onde din que se esconde o misterio de Atlantis. Decidiron cedo non ter nenos, "só volcáns, volcáns, volcáns".

Viaxaban sen parar, dun lado a outro do planeta, perseguindo erupcións. Definíanse como "vulcanólogos errantes, viaxeiros *performers*". Tiñan moito sentido do humor, quizais por esa visión da morte tan preto constantemente. "A vulcanoloxía é unha ciencia de observación. Canto máis preto estás, máis ves", conta a voz en *off* (a da inspiradora Miranda July) que non só nos narra a súa historia, tamén nos presenta preguntas. Eles non tiñan medo a achegarse. E canto máis sabían, máis se achegaban, menos medo tiñan. "A curiosidade é máis forte que o medo".

Foron uns pioneiros desta ciencia. Poucos se atrevían entón a chegar tan preto da lava, das explosións. E poucos se atreveron despois, nun mundo cada vez máis manexado polos drones. "Ocupan un interesante espazo de tempo entre 'isto nunca se fixera' e 'isto nunca se volverá facer'", di Sosa. Eles chegaban alí, a Zaire, a Hawai, a Indonesia... Maurice cargando coa súa cámara de 16mm e Katia coa súa cámara fotográfica analóxica. Cos seus gorriños vermellos (ola, Cousteau; ola, Wes Anderson), os seus *outfits* de filme de ciencia-ficción *camp*. Segundo avanzaron no seu traballo, transformáronse cada vez máis en cineastas, en contadores de historias. Os planos que facían desde lonxe, con zooms, demostran unha intención artística e un desexo de legado.

### Un final anunciado

Comezaron perseguindo o que chamaban os volcáns vermellos, os de lava, os que non matan porque se lles ve vir. E no 1980, coa explosión do Monte St. Helens (Washington, EE.UU.), un dos grises, "os que matan", os máis perigosos, namoraron deles. Eran os máis descoñecidos e tamén os menos previsibles. Despois da erupción do volcán Nevado del Ruiz, en Armero, Colombia, outro gris, que acabou coa vida dunhas 25.000 persoas, cambian de novo o seu obxectivo para centrarse en evitar traxedias así. Renovan o seu amor pola humanidade coa que sempre estiveran decepcionados e por iso a abandonaran a favor da natureza.

Centráronse en ensinar a evacuar, a que as autoridades entenderan e atenderan os informes e avisos que vulcanólogos coma eles facían. Mentres, seguían pegándose ás ladeiras destes monstros terrestres, achegándose ata as súas bocas, empeñados en descubrir "por que o corazón da Terra estoupa e deixa saír a súa sangue". O 3 de xuño de 1991, na ladeira do Monte Untzen en Xapón, un volcán apagado durante 330 anos, víuselles por última vez. *Fire of Love* mostra as últimas imaxes desta parella orgullosa de que se lles considerara "os rariños" do oficio. Só recuperaron deles unha cámara e un reloxo. Estaban sempre preparados para morrer en brazos do seu gran amor. Eles e o volcán.